

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

O CENTRO DRAMÁTICO ABRE A SÚA PRIMEIRA TEMPORADA BAIXO A DIRECCIÓN DE BLANCA CENDÁN

A COMPAÑÍA PÚBLICA TRABALLA NA PRODUCCIÓN DO SEU PRÓXIMO ESPECTÁCULO, «SALOMÉ» DE OSCAR WILDE, DIRIXIDO POLO COMPOSTELÁN CARLOS SANTIAGO

O SALÓN TEATRO OFRECERÁ 64 DÍAS DE ACTIVIDADE ATA FINAIS DE ANO, QUE INCLÚEN 17 ESPECTÁCULOS E 3 CONCERTOS DE FORMACIÓNS GALEGAS

O Centro Dramático Galego (CDG) inicia a súa nova temporada escénica 2010-2011 cun primeiro período de actividade marcado pola produción do seu novo espectáculo –*Salomé* de Oscar Wilde, baixo a dirección de Carlos Santiago– e o apoio á creación e á exhibición teatrais galegas a través da carteleira do Salón Teatro e de diferentes servizos á comunidade escénica. Esta programación, con 64 días de apertura ao público entre os meses de setembro e decembro, sinala ademais o inicio da xestión de Blanca Cendán á fronte da dirección da compañía pública.

SUMARIO

- [1-7] AGADIC
- [5-6] > Centro Coreográfico Galego
- [7] > Centro Dramático Galego
- [8] ALERTA!
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

O CDG ABRE A SÚA PRIMEIRA TEMPORADA BAIXO A DIRECCIÓN DE BLANCA CENDÁN

De acordo cunha das principais liñas programáticas da nova dirección do Centro, o teatro feito en Galicia será o gran protagonista da carteleira do Salón Teatro neste primeiro período de actividade



ACTUACIÓN DO CORO DA RA DURANTE A PRESENTACIÓN DA NOVA TEMPORADA NO SALÓN TEATRO

Este inicio de temporada foi presentado no transcurso dun acto que presidiu o conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, quen incidiu na relevancia que para a escena galega supón a produción da obra do xenial autor dublinés a través da visión do compositor Carlos Santiago, “quen –asegurou– se incorpora por méritos propios ao plantel de directores artísticos do CDG”. Pepe Penabade, María Mera, María Salgueiro, Hugo Torres, Marcos Correa e Alberte Cabarcos interpretarán este espectáculo, que será estreado o 26 de novembro no Salón Teatro e que, segundo avanzou o conselleiro, ten pechadas ata o momento un total de 41 representacións en Galicia e Portugal.

De acordo cunha das principais liñas programáticas da nova dirección do Centro, o teatro feito en Galicia será o gran protagonista da carteleira do

Salón Teatro neste primeiro período de actividade, durante o que se exhibirán outras 17 propostas de formacións galegas. Ademais, o espazo que xestiona a compañía pública, acollerá tres concertos dunha nova entrega do ciclo “ST Música Presente”, que organiza a Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) para a promoción especializada de traballos discográficos galegos, e volverá ser unha das sedes do festival Cineuropa que organiza o Concello de Santiago.

Carteleira

Nesta nova programación darase cabida tanto ás últimas montaxes de compañías xa consolidadas no panorama teatral galego como Lagarta Lagarta con *Cástig (a comedia)*, do 23 ao 26 de setembro, ou Teatro do


Noroeste con *Historias peregrinas*, do 28 ao 30 de outubro, como a aquelas de traxectoria máis recente como Obras Públicas con *Life is a paripé* (10 e 11 de setembro), Ónfalo Teatro con *Na meta (sálvese quen poida)* (17 e 18 de setembro), Elefante Elegante con *In* (1 e 2 de outubro), Redrum Teatro con *A pensión* (9 e 10 de outubro) ou A Producións Artísticas con *Alicia & Alicia* (15 e 16 de outubro).

O teatro infantil terá tamén unha presenza destacada nesta carteleira, con catro funcións escolares da montaxe de Sarabela Teatro *Cara ao campo de estrelas* (6 e 7 de outubro) e os cinco espectáculos que configuran unha nova edición da Mostra de Teatro Infantil de Nadal: *Os catro da Xunqueira* da compañía galega Limiar Teatro en coprodución coa portuguesa Mao Teatro (26 de decembro), *Bicharada* de Berrobambán (día 27), *Trogloditas* de Tanxarina Títeres (día 28), *O día que chegou unha nube e choveu* de Títeres Trompicallo (dúas funcións o día 29) e

Oh, que bonito é Panamá de Paname-siana Teatro (día 30).

Na programación teatral insírense asemade as catro montaxes que o Salón Teatro acollerá do 18 ao 21 de outubro como unha das sedes da décimo oitava edición da Feira Galega das Artes Escénicas, organizada pola Agadic. Serán *Homes... mulleres: O paraíso terreal* de Teatro de Ningures (día 18), *O incerto señor don Hamlet* de Sarabela Teatro (día 19), *Volpone* de Talía Teatro (día 20), e a mostra de novo circo galego que, baixo o título *Circo á feira, racións de novo circo galego*, protagonizarán as compañías Lusco e Fusco, Arrepentimientos de Padrón, Rocés e Goces, Duelirium e Almacabra Teatro-Circo.

Canto á música, o ciclo *ST Música Presente* ofrecerá os concertos dos galegos Niño y Pistola (21 de setembro), Bruma (13 de outubro) e Silvia Penide (22 de outubro) que, xunto coas sesións audiovisuais do festival Cineuropa do 1 ao 14 de novembro, completan a carteleira deste inicio de temporada.



SILVIA PENIDE



A PRODUÇÕES ARTÍSTICAS

.....
vén da páx. anterior



REDRUM TEATRO

Salas de ensaios

O apoio do CDG á comunidade artística galega reflíctese igualmente noutra serie de iniciativas como a cesión gratuíta das salas da nave de servizos múltiples que a Agadic mantén no polígono empresarial Costa Vella, en Santiago, para que as compañías ensaien as súas novas producións. Actualmente, Lagarta Lagarta ultima aquí a estrea da súa nova montaxe, *Cásting (a comedia)*, ao tempo

que o dúo Púnchame&Goza traballa no que será o seu primeiro espectáculo, *Roces e goces*.

Así mesmo, o Centro Dramático Galego estrea nesta temporada un novo programa de formación continua para profesionais da escena, que dará comezo cun curso intensivo sobre Shakespeare para actores profesionais que o mestre Alfredo Padilla impartirá do 27 ao 30 de setembro no Salón Teatro.

O programa formativo continuará nos vindeiros meses cun obradoiro de improvisación a cargo de Lucas García Herrador e outro de teatro de Molière impartido por Mario Tomas, a través dos que se quere apoiar a formación dos actuais e futuros profesionais do noso teatro aproveitando a visita a Galicia de destacadas figuras da escena a nivel internacional.

+ info en
www.centrodramatico.org



ÓNFALO TEATRO



ELEFANTE ELICANTE

ESCENA

AS AXUDAS DA AGADIC PERMITIRÁN A PRODUCCIÓN DE 23 NOVOS ESPECTÁCULOS DE TEATRO E DANZA

A Agadic apoiará cun total de 692.052 euros a realización de 23 novos espectáculos de teatro e danza, a cargo doutras tantas compañías galegas adxudicatarias das subvencións ás industrias culturais 2010 nas modalidades de produción escénica. Dentro deste programa xeral de axudas, aprobouse así mesmo a concesión doutros 954.950 euros a través do resto das modalidades convocadas (continuidade da actividade, compañías residentes, programa «Crédito-Cultura», distribución, salas e asociacionismo profesional), de xeito que o apoio económico ao sector escénico galego ascende a 1.647.002 euros.

Canto a xéneros escénicos, destes 23 espectáculos que poderán verse nas carteleiras galegas ao longo da próxima temporada, 11 corresponden a teatro de actor –*Na meta (sálvese quen poida)*, de Ónfalo Teatro; *Estrelados*, de La Quintana Teatro; *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *Cásting (a comedia)*, de Lagarta Lagarta; *Homes... mulleres*, de Ningures Producións; *Un cranio furado*, de PT Excéntricas; *Historias peregrinas*, de Teatro do Noroeste; *Volpone*, de Talía Teatro; *La maleza*, de Teatro Ensalle; *Pisados, botamán de Melide*, o home que falaba cos

zapatos, de Ancora Producións e *Ruído branco*, de Nut Teatro)–, oito a teatro de monicreques ou de obxectos –*Meu amigo imaxinario*, de Galitoo; *O rei destronado*, de A Xanela do Maxín; *O asombro*, de Fantoques Baj; *Polichinela, titor de pierrot*, de Gururú Producións; *Alicia no país das marabillas*, de Títeres Cachirulo; *Mensaxe sen botella*, de Caramuxo Teatro; *Trogloditas*, de Tanxarina e *Andainas dun monicreque*, de Os Monicreques de Kukas–, dous a danza –*Kamouraska*, de Marta Pérez Alonso e *Tulipanes*, de DLoira– e outros dous a novo circo –*Habitat*, de Pistacatro e *Encontros*, de Alfredo Pérez Muíño–.

Ademais, a Agadic apoiará tanto a continuidade doutras 16 compañías galegas, que recibirán un total de 353.278 euros para manter en escena espectáculos xa producidos na anterior temporada, como a actividade de tres das empresas que o ano pasado resultaron beneficiarias das primeiras axudas específicas para compañías residentes. Nesta ocasión, compartirán un orzamento de 240.000 euros destinado a favorecer a súa estabilidade como formacións vinculadas a espazos escénicos concretos.

93.000 euros para a música

A Agadic adxudicou tamén un total de 93.126 euros en axudas a nove empresas musicais galegas para a produción e promoción de 18 proxectos discográficos, entre os que se atopan os últimos traballos de Berroguetio, Elodio y

los Seres Queridos, Emilio Rúa, Lamatumbá, Marco Foxo, Renato Spencer, Rosa Cedrón con Cristina Pato e Xacobe Martínez Antelo, entre outros. Esta contía supón o 41,3 por cento do importe global (225.422 euros) que a entidade da Consellería de Cultura e Turismo destina este ano ao sector musical e a través do que tamén apoia a mellora de estudos de gravación, a distribución exterior, a asistencia a feiras musicais ou o asociacionismo profesional.

Unha das novidades no programa de axudas ás industrias culturais 2010 é a introdución dunha modalidade dirixida aos estudos de gravación, na que se contempla tanto a compra de equipamento técnico específico como gastos de reforma, adecuación de espazos e mellora da accesibilidade. Os 50.000 euros reservados para esta categoría distribuíranse entre os estudos que xestionan cinco produtoras: Casa de Tolos, Zouma, Maré, Sons Galicia e Xacobe Martínez Antelo.

O apoio ao sector musical esténdese, así mesmo, a diversas accións de promoción exterior de artistas e grupos galegos. Neste sentido, a Axencia Galega das Industrias Culturais destina un total 46.902 euros a 11 xiras e concertos puntuais en escenarios españois e internacionais (Arxentina, Hungría, Illa de Man, México...) e outros 4.968 a favorecer a presenza galega no Womex (World Music Expo) de Copenhague.

DISTRIBUCIÓN

A AGADIC PROMOVE ATÉ DECEMBRO 572 FUNCIÓNS ESCÉNICAS E CONCERTOS

Os tres circuítos de distribución de espectáculos da Agadic acollerán entre os meses de setembro e decembro un total de 572 funcións de teatro, música, danza e maxia, das que 345 corresponden á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), 85 á Rede Galega de Salas (RGS) e 142 á Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV).

A Agadic reserva un orzamento de 656.595 euros para este último cuadrimestre de programación, que cofinancia xunto cos concellos e entidades privadas que xestionan os 86 teatros, auditorios e salas de toda Galicia que conforman as tres redes. Desta contía global, 548.725 euros destínanse á RGTA, 44.075 euros á RGS e 63.795 euros á RGMV. Ao finalizar 2010, a entidade da Consellería de Cultura terá achegado preto de 1,5 millóns de euros para asumir diferentes porcentaxes dos cachés dos espectáculos presentados no total de 1.402 funcións ofrecidas durante todo o ano.

Formacións galegas

Este segundo ciclo de programación anual estará protagonizado por 153 formacións artísticas, a meirande parte delas galegas. Delas, un total de 68 ofrecen os seus últimos espectáculos no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios, que o día 9 inaugura a súa programación para este último cuadrimestre coa representación do espectáculo *Wake Up*, de Nut Teatro, no Auditorio Municipal do Carballiño. Esta carteleira estenderase ata o 30

de decembro por un total de 45 escenarios galegos, ofrecendo unha ampla variedade de propostas artísticas, con 190 funcións de teatro para público adulto, 128 de teatro e danza dirixidas especificamente a público infantil, 12 de maxia, 11 de danza para adultos e 4 de música de cámara.

O teatro é tamén o gran protagonista da programación na Rede Galega de Salas, neste caso cunha atención destacada ao público máis novo. Así, das 85 funcións previstas nos seis espazos do circuítos (Teatro del Andamio na Coruña, ARTeria Noroeste, Sala Nasa e Sala Santart en Santiago e Teatro Arte Livre e Teatro Ensalle en Vigo), 56 corresponden a teatro infantil, 24 a teatro para público adulto e 5 a danza.

No caso da Rede Galega de Música ao Vivo, circuítos que por primeira vez dende a súa creación en 2007 mantivo a súa actividade durante os meses de verán, o calendario de concertos continuará a partir de setembro en 35 dos locais asociados a Cluatura (Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo). Senllas actuacións o 3 de setembro das bandas Dakidarría na Sala 600 de Melide e Mitocondrias no Auriense Café Cultural de Ourense abren este segundo cuadrimestre de programación na RGMV, que se desenvolverá ata o 31 de decembro con concertos dun total de 64 grupos de moi diferentes estilos, que van dende o pop e o rock, ata o blues ou o hip-hop.

PROMOCIÓN

TRES ESPECTÁCULOS ANDALUCES COMPLETAN A CARTELEIRA DA FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2010

As compañías andaluzas Teatro del Velador, La Rous e Histrión Teatro exhibirán os seus últimos espectáculos en Santiago no marco da Feira Galega das Artes Escénicas 2010, que completa así unha carteleira artística na que figuran tamén 18 propostas galegas de teatro, danza e novo circo. A Agadic organiza esta décimo oitava edición do evento, que se celebrará do 18 ao 21 de outubro e para o que xa teñen confirmada a súa asistencia máis dun cento de programadores, distribuidores e produtores do sector escénico procedentes de diferentes puntos da Península.

A organización da Feira avanza nos preparativos deste encontro artístico e comercial que se desenvolverá en seis

espazos composteláns: Auditorio de Galicia, Aula de Cultura de Caixa Galicia, Sala Capitol, Salón Teatro, Teatro ARTeria Noroeste e Teatro Principal.

A formación sevillana Teatro del Velador presentará en Santiago a súa primeira montaxe de danza, *Hildegard*, mentres que dende Granada chegarán La Rous con *La casa del abuelo*, premio ao mellor espectáculo na FERIA Europea de Teatro para Niños y Niñas (Fetén) de Xixón, e Histrión Teatro coa obra *Los corderos*, escrita e dirixida polo recoñecido director arxentino Daniel Veronese.

+ info en www.agadic.info/feira



TEATRO DEL VELADOR



HISTRIÓN TEATRO



LA ROUS



O PROGRAMA CREATIVA ESTÉNDESE ÁS XORNADAS PARA ARTISTAS DE CIRCO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

A Agadic patrocina a través do programa europeo CREATIVA a celebración das I Xornadas para Artistas do Circo Galicia-Norte de Portugal, que terán lugar en Allariz (Ourense) do 16 ao 19 de setembro e están a ser organizadas pola Asociación de Novo Circo Pistacinc dentro do festival Reperkusión que acolle eses días a vila ourensá.

Os profesionais galegos de novo circo aproveitarán estas xorna-

das para avanzar na mellora das súas experiencias artísticas e no asentamento de iniciativas comúns presentes e de futuro cos seus colegas do norte de Portugal.

O programa abrangue a constitución dun grupo de traballo para facer un diagnóstico da situación dos profesionais do circo de ambas beiras do Miño e presentacións sobre asuntos como a construción de redes locais e interrexionais en Portugal e Europa ou os festivais que adoitan programar circo en Galicia e norte de Portugal.

As xornadas incluírán, así mesmo, obradoiros de distintas

disciplinas circenses (malabares, equilibrios, zancos, aéreos...), un campionato de volei-maza e as denominadas "Olimpiadas de Circo Galicia-Norte de Portugal", evento no que se amosarán os *shows* de Circo Escarranchado, A Moucha, Disco Delivery, Manualidades 2.0, El Bar de Lupo, Antuán de la Cream, El Autoestopista Intergaláctico e Cabaré.

+ info en
www.creativacultural.com
www.reperkusion.com

AUDIOVISUAL

O AUDIOVISUAL GALEGO RECIBE PRETO DE CINCO MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS DA AGADIC PARA PRODUCIR 43 LONGAS E DOCUMENTAIS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) resolveu a adxudicación dun total de 4.980.000 euros en axudas a 38 empresas audiovisuais galegas para a realización de 43 producións e coproducións, das que 13 corresponden a longametraxes cinematográficas, 7 a películas para televisión e 23 a documentais de creación e difusión. A entidade da Consellería

de Cultura e Turismo completou así a resolución das súas principais liñas de subvención ao audiovisual galego, ao que destina un total de 7.060.000 euros a través das seis modalidades convocadas este ano.

Xestionado por segundo ano consecutivo a través da Agadic, o programa de apoio económico a este sector mantén unha tendencia ascendente respecto ao orzamento total comprometido (7,06 millóns de euros en 2010 fronte a 6,90 millóns en 2009), do que máis dun 70 por cento corresponde ás axudas para producións e coproducións audiovisuais que, á súa vez, experimentan un aumento de 130.000 euros na súa dotación respecto ao ano pasado.

Este incremento trasládase, así mesmo, á cifra de proxectos subvencionados este ano, dentro da que sobresaen tanto o número de longametraxes cinematográficas (13 en 2010 fronte a 7 o ano pasado), como o de documentais (23 fronte a 13 en 2009). Ademais, a través do resto de convocatorias resoluntas, destínanse outros 450.000 euros a 20 propostas de desenvolvemento de proxectos audiovisuais, 350.000 euros ao desenvolvemento e produción de 16 proxectos de contidos dixitais e interactivos, 300.000 euros a 33 novos creadores para promover o talento audiovisual galego e 180.000 euros á produción de 17 curtametraxes e videoclips.

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

ABERTO O PRAZO DE RECEPCIÓN DE PROXECTOS PARA COPRODUCIR ESTE ANO CO CCG

O Centro Coreográfico mantén aberto até o 15 de setembro o prazo de recepción de proxectos profesionais de danza de iniciativa privada e independente para ser realizados en réxime de coprodución coa unidade pública.

As propostas finalmente seleccionadas recibirán o apoio económico e a asistencia técnica do CCG, que asociará obrigatoriamente ao proceso de traballo un servizo de acompañamento artístico. A asistencia técnica consistirá en prestar un servizo de análise, asesoramento, planificación e viabilidade de estratexias tanto de xestión, financiamento e comercialización, como artístico.

As compañías, creadores/a ou colectivos que desexen presentar unha proposta de coprodución co CCG para o ano 2010 deberán remitir o seu proxecto artístico mediante correo electrónico (actividades.ccg@xunta.es) ou postal (Centro Coreográfico Galego. Complexo Deportivo de Elviña.

Avenida Glasgow nº 11. 15008 A Coruña), indicando «Programa de Coproducións do CCG-Temporada 2010».

Coa solicitude deben presentarse os seguintes documentos: memoria explicativa do proxecto onde se especifique o título e autor do espectáculo, a ficha artística e técnica, a data e o local previsto para a estrea; orzamento total pormenorizado e orzamento solicitado ao CCG; memoria da traxectoria da entidade solicitante e currículos dos integrantes do proxecto, indicando estudos realizados, actividades profesionais desempeñadas e outros datos representativos da súa formación.

O CCG poderá escoller ata un máximo de 3 proxectos dentro da súa liña de apoio á creación. Os criterios de selección baséanse na calidade e interese do proxecto artístico, na traxectoria profesional e solvencia da compañía e dos artistas, na achega ao desenvolvemento e á renovación das artes escénicas en Galicia e no apoio doutras estruturas na coprodución e financiamento proposto. A resolución farase pública o 30 de setembro de 2010.

ANA ABAD CARLÈS IMPARTE NO CCG UN CURSO DIRIXIDO A PROFESORES DE DANZA

O Centro Coreográfico Galego celebra do 13 ao 17 de setembro un curso especialmente dirixido a profesores/as de danza que será impartido pola especialista aragonesa Ana Abad Carlès. Organizado en colaboración co Servizo Provincial de Deportes da Coruña, desenvolverase a modo de taller en horario de mañá e nel poderán participar ata 50 alumnos.

Os obxectivos son dar a coñecer a situación actual da danza nos diferentes ámbitos que rodean esta disciplina, con especial incidencia nas áreas da educación e do ensino, e a súa importancia na formación dos profesionais que van desenvolver as súas carreiras no século XXI.

Módulos temáticos

Os catro módulos temáticos, cada un deles de 6 horas e 15 minutos de duración son: "Aproximación histórica ao repertorio actual", "Aproximacións a cuestións estilísticas en danza", "A formación de coreógrafos" e "O reto de educar profesionais da danza no século XXI".

Ademais, como actividades complementarias a este curso desenvolveranse dúas conferencias: o 15 de setembro no Conservatorio Profesional de Danza da Coruña e o 16 de setembro no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo.

Ana Abad Carlès nace en Zaragoza, onde inicia os seus estudos de danza clásica e contemporánea ata os 18 anos, idade en que se traslada a Lon-

dres. Durante os seus primeiros anos nesta cidade estuda historia, anatomía, coreografía e notación; e amplía os seus coñecementos de técnica de danza clásica e danza contemporánea. Volve a Zaragoza en 1994 e comeza a estudar música e piano. En 1995 inicia o seu grao en Historia da Arte. Ao mesmo tempo que ensina ballet, comeza a deseñar cursos onde se combinan teoría e práctica na apreciación da danza. En 1999 realiza a coreografía de *Le Baiser de la Fée* como parte dun proxecto para introducir a danza na escola, cun grande éxito. Nese mesmo ano comeza a impartir conferencias sobre a historia da danza. Volve a Londres en 1999 para completar os seus estudos de danza (MA in Ballet Studies).

Traballa e colabora con diferentes entidades: Conservatorio Profesional de Danza de Zaragoza (2002), Council for Dance Education and Training (2004), Birkbeck University, Criticaldance, Creative Capital, Escuela Nacional de Danzas Aída Mastrazzi (2008), Conservatorio Profesional de Danza de Murcia, Julio Bocca Studio, etc. En 2004 publica o libro *Historia del Ballet y de la Danza Moderna* e no ano 2009 presenta a súa tese sobre mulleres coreógrafas.

A COREÓGRAFA MERCEDES SUÁREZ ASUME A DIRECCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

A coreógrafa Mercedes Suárez asumiu, tralo seu nomeamento polo Consello de Dirección da Agadic, o cargo de directora do Centro Coreográfico Galego (CCG), unidade que inicia unha nova etapa buscando estender a súa actividade aos diferentes xéneros dentro da danza, así como unha maior proxección exterior do seu traballo e o reforzo do ámbito formativo.

Entre as intencións que ten a nova directora para a súa etapa están a realización de dúas producións anuais. A primeira delas, que será estreada no primeiro trimestre de 2011, elixirase entre diferentes propostas coreográficas solicitadas a creadores de recoñecido prestixio. A segunda desenvolverase no segundo trimestre do ano coa colaboración directa dos conservatorios profesionais e de diferentes escolas de danza de Galicia, como xeito de apoiar a ensinanza e ofrecer novos alicientes tanto ao alumnado como ao profesorado. Neste caso, incorporaranse estudantes ao elenco da peza a través da convocatoria de audicións en diferentes localidades galegas.

Tamén traballará co obxectivo de rendibilizar socialmente o máximo posible cada novo espectáculo, incentivar a formación no ámbito da danza mediante talleres específicos impartidos polos propios profesionais do CCG, celebrar conferencias e funcións didácticas a través das que se introduza os máis pequenos no mundo da danza e promover unha gala protagonizada por bailaríns galegos integrantes de destacadas compañías internacionais.



ROBERTO VARELA E MERCEDES SUÁREZ

O Centro Coreográfico Galego dará continuidade, ademais, a outras actividades xa iniciadas na etapa anterior como o programa de coproducións e as residencias artísticas, entre outras.

Sólida formación e ampla experiencia

A designación de Mercedes Suárez tivo lugar o pasado 4 de agosto, cando o Consello de Dirección da Agadic resolveu o seu nomeamento á vista da súa «sólida formación e ampla experiencia profesional». Estes foron os principais criterios tidos en conta para valorar a súa candidatura como a que mellor se adecuaba ao perfil necesario para dirixir o CCG, trala análise do total de 16 propostas admitidas ao proceso de selección.

Nada na Agalada, no concello coruñés de Coristanco, Mercedes Suárez é titulada superior en Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid, e

en Anatomía e Biomecánica aplicada á danza pola Universidade de Alcalá de Henares. Inicia a súa formación artística a partir de 1968 con notables mestres de danza clásica e contemporánea en diferentes países, comezando a súa carreira como bailarina en 1973 no Ballet Clásico de Madrid. En 1981 funda na Coruña a Escola de Danza Druída, mantendo dende entón unha intensa actividade docente.

Na súa faceta de coreógrafa, conta cunha ampla experiencia a nivel nacional e internacional, con numerosos traballos asinados tanto para Druída Danza, compañía que fundou nos anos oitenta, como para outras formacións escénicas, ademais de para diferentes producións musicais e audiovisuais. É, así mesmo, a creadora e directora de *Etheria*, a viaxe soñada, última produción do Centro Coreográfico Galego estreada o pasado 3 de xullo na Coruña.

+info en www.centrocoreografico.org



OITO FUNCIÓNS DE TEATRO E UN CONCERTO POP, ESTE MES NO SALÓN TEATRO

Life is a paripé, o último espectáculo da compañía Obras Públicas, inicia a programación de setembro do Salón Teatro de Santiago de Compostela como primeira entrega dunha carteleira que abrangue un total de oito funcións teatrais e unha actuación musical.

César Goldi, Mos e Iolanda Muíños compoñen o trío interpretativo desta montaxe dirixida polo gañador de dous premios Max José Prieto na que mesturan en proporcións similares música (33%), teatro (33%) e cachondeo (33%), o que dá un total final de cen por cen de «paripé». Haberá dúas funcións: o venres 10 e o sábado 11.

Unha semana despois (venres 17 e sábado 18), os lucenses de Ónfalo Teatro presentarán a súa nova produción teatral, *Na meta (sálvese quen poida)*.

Esta comedia negra, con texto orixinal do dramaturgo austríaco Thomas Bernhard, mestura o teatro coa danza, a instalación, a *performance*, o clown ou a *acrobacia* para indagar sobre o camiño cara á meta de cadaquén e o que nel se perde e se gaña.

Finalmente, a compañía Lagarta Lagarta ofrecerá catro funcións (xoves 23, venres 24, sábado 25 e domingo 26) da súa nova montaxe *Casting (a comedia)*, baixo a dirección escénica de Rosa Álvarez. María Bouzas, Ernesto Chao, Belén Constenla, Rocío González e Alberto Rolán protagonizan esta peza baseada na obra homónima do realizador de televisión, director e autor teatral Roger Justafré.

Volve ST Música Presente

Desenvolverase tamén a segunda parte do ciclo de concertos *ST Música Presente*, creado pola Agadic o pasado mes de marzo para a promoción especial de

traballos discográficos galegos. A banda de música pop Niño y Pistola será o encargada de abrir este calendario musical o martes 21 coa actuación na que presentará o seu terceiro álbum, *Niño Pistola as Arthur & The Writers*.



O CDG ORGANIZA UN CURSO SOBRE SHAKESPEARE PARA ACTORES A CARGO DE ALFREDO PADILLA

O Centro Dramático Galego inaugura o seu novo programa de formación continua co Curso sobre Shakespeare que Alfredo Padilla, actor argentino afincado en Galicia, impartirá do 27 ao 30 de setembro no Salón Teatro. Especialista en teatro shakesperiano pola Royal Academy of Dramatic Art de Londres, Padilla desenvolverá cos alumnos as potencialidades creativas arredor da obra do gran dramaturgo inglés, tendo en conta o estilo, o xogo dramático e o contorno no que se desenvolve o actor.

Para a posta en marcha deste curso, cóntase así mesmo coa colaboración do escritor Alfredo Conde, autor da versión en galego dos textos sobre os que se traballará nas sesións lectivas, coa conseguinte achega ao repertorio shakesperiano en lingua galega.

O CDG oferta un máximo de 20 prazas dirixidas a persoas con especial interese no traballo actoral arredor do teatro de William Shakespeare, preferiblemente con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas. O prazo de inscrición permanecerá aberto dende mañá día 1 ata o 22 de setembro e o prezo da matrícula é de 40 euros.

Formación especializada

O obxectivo do encontro é ofrecer aos participantes coñecementos e técnicas de interpretación adquiridos polo profesor durante a súa estada na Royal Academy of Dramatic Art, que dende hai máis de cen anos é a academia de formación de actores shakesperianos por excelencia e na que estudaron figuran tan célebres como John Gielgud, Anthony Hopkins ou Kenneth Branagh, entre outros.

Deste xeito, abordarase o traballo do actor en Shakespeare a través da improvisación e da experimentación, así como do estudo da linguaxe, o estilo e o personaxe dentro do texto. Ademais, a posta en escena preparárase a partir de diferentes técnicas vocais e corporais.

A continuación, os alumnos introduciranse de cheo no mundo do gran dramaturgo a partir de diferentes monólogos e escenas, analizando personaxes shakesperianos en comedias e traxedias, o ritmo, o espazo e as intencións dentro dos seus textos. Para finalizar, e tras seleccionar varias escenas para traballar directamente sobre elas, levarase a cabo unha semi-montaxe das mesmas con todos os participantes.

+ info en www.centrodramatico.org

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidio e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o prazo rematou o 30 de abril.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finalizou o 30 de abril. No caso dos distribuídos entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo rematou o 30 de abril. No caso das realizadas entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2010	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego (DOG nº 66 de 9 de abril)	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes con sede, sucursal ou oficina permanente en Galicia.	15 de setembro
Subvencións da Agadic ás industrias culturais 2010 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	B. Crédito-Cultura	Empresas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución D.1. Distribución exterior	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de distribución	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais.	31 de outubro***
Centro Coreográfico Galego. Taller de profesores	A coreógrafa e historiadora aragonesa Ana Abad impartirá do 13 ao 17 de setembro este curso, dividido en catro módulos: — Aproximación histórica ao repertorio actual. — Aproximación a cuestións estilísticas en danza. — A formación de coreógrafos. — O reto de educar profesionais da danza no século XXI. O taller complementarase con senllas conferencias para alumnos nos conservatorios profesionais de danza da Coruña e Lugo os días 15 e 16 de setembro, respectivamente.	25 prazas para profesores de danza. Máis información sobre a inscrición e matrícula: www.centrocoreografico.org	Do 16 agosto ao 10 de setembro
Centro Coreográfico Galego. Clases abertas de danza clásica xunto a "Etheria"	As profesoras do CCG Beatriz Ponlla e Belén Vázquez imparten estas clases abertas de luns a venres de 9.30 a 11.00 horas, incluídas aquelas xornadas nas que a compañía de "Etheria. A viaxe soñada" está de xira. Porén, non haberá clases durante a celebración dos talleres formativos impartidos polo Centro Coreográfico entre setembro e decembro.	Alumnos de nivel medio-alto, compartindo o espazo da aula de ensaios (Complejo Deportivo de Elviña. Avda. Glasgow s/n, A Coruña) co elenco do espectáculo "Etheria. A viaxe soñada". A entrada é libre ata completar a capacidade. Máis información: Centro Coreográfico Galego / Tel.: 981 134 946 formacion.ccg@xunta.es / actividades.ccg@xunta.es	Aberta a inscrición
Programa Outra+Outra	A Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia, a través do estudio de gravación MANS, promove por sexto ano consecutivo o programa Outra+Outra destinado a apoiar ás agrupacións musicais da provincia para que vivan o proceso de gravación, incluíndo a mestura e masterización, dun CD promocional do que obterán 1.000 copias.	Elixíranse 12 agrupacións musicais beneficiarias de calquera estilo musical. Os grupos candidatos deben estar incluídos na rede cultural da Deputación de 2010 ou na quenda de solicitudes de 2011. Máis información e inscricións: informacion@mans-paideia.com / www.mans-paideia.com	1 de outubro

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña: www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consortio Audiovisual de Galicia: www.consortioaudiovisualdegalicia.org

- Academia Galega do Audiovisual: www.academiagaledoaudiovisual.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html

- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS

ABRIL 2010

[E_SCENA

EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Narón	<i>As actas escuras</i>	2	129,00	766,40 €
O Barco de Valdeorras	<i>As actas escuras</i>	1	129,00	584,00 €
Tui	<i>As actas escuras</i>	1	280,00	1.521,00 €
Vigo	<i>As actas escuras</i>	1	347,00	1.442,80 €
A Coruña	<i>As actas escuras</i>	2	203,00	1.432,20 €
Ourense	<i>As actas escuras</i>	2	123,00	1.059,60 €
Ferrol	<i>As actas escuras</i>	1	78,00	590,00 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Teatro do Morcego	<i>Saltimbanquis</i>	4	68,50	276,25 €
Teatre Lliure	<i>Après moi, le déluge</i>	2	155,50	889,50 €
Rosalía 21	<i>Homenaxe a Rosalía</i>	1	230,00	[por convite]
Teatro do Atlántico	<i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	4	80,25	514,00 €
Mono	Festival Sinsal	1	269,00	2.024,00 €
Sala Muntaner	<i>Genet-Las Criadas</i>	2	112,50	715,50 €
Linho do Cuco	ST Música Presente	1	88,00	300,00 €
Anxo Lorenzo	ST Música Presente	1	56,00	135,00 €
Emilio Cao	ST Música Presente	1	25,00	55,00 €
Casa de Fados	<i>Casa de Fados em concerto</i>	1	263,00	2.078,00 €
Voadora	<i>Super8</i>	3	130,33	220,67 €
Álvaro Vieito	ST Música Presente	1	31,00	80,00 €
Familie Flöz	<i>Hotel Paradiso</i>	2	208,50	1.596,00 €
Ophiusa	ST Música Presente	1	56,00	120,00 €
Zenet	<i>Concerto</i>	1	159,00	2.208,00 €
Juana Molina	Festival Sinsal	1	84,00	604,00 €
BellónMaceiras Quinteto	ST Música Presente	1	150,00	615,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007				
	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008				
	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009				
	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dumas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2010				
	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	45	5.943	49,46%	29.460,00 €
<i>As actas escuras</i> (CDG)	27	4.337	39,88%	21.670,20 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Abada Teatro	11	258,00	1.225,91 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	8	136,75	426,75 €
Almacabra-Teatro-Circo	1	164,00	682,00 €
Ancora Produccións	13	70,85	235,31 €
Ángels Margarit/Cía. Mudances	1	109,00	275,00 €
Aracaladanza	1	273,00	730,00 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	38,33	74,17 €
Berrobambán	7	218,57	457,57 €
Bstudiodanza	1	144,00	944,00 €
Cachirulo	3	69,67	242,00 €
Camerata Lírica de España	1	98,00	245,00 €
Caramuxo Teatro	19	264,95	483,51 €
Chévere	3	89,67	362,67 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1		396,00
2.242,00 €			
Dani García	3	135,33	269,00 €
Dloira	2	108,00	633,00 €
Elefante Elegante Teatro	10	112,00	361,10 €
Espello Cóncavo	2	127,5	383,00 €
Excéntrica Producciones	1	81,00	207,00 €
Fulano, Mengano e Citano	4	150,50	495,50 €
Galitoon	17	218,41	396,47 €
Ghazafelhos	3	143,67	363,83 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	134,00	335,00 €
Katarsis, Educacion e Teatro	8	92,13	176,69 €
Kiko Pastur (ilusionista)	2	168,50	371,50 €
La Carreta Teatro	3	238,33	706,00 €

Lagarta Lagarta	10	200,80	843,35 €
Lambríaca Teatro	8	45,13	73,56 €
Mago Marttyn	2	190,50	466,00 €
Mago Rafa	2	143,50	313,00 €
Malasombra	5	92,60	284,40 €
Matarile Teatro	4	112,50	677,50 €
Miroscopio Perdicións	3	46,00	122,33 €
O Retrete de Dorian Gray	6	84,33	180,50 €
Ónfalo Teatro	3	225,00	1.126,00 €
Pinga Teatro	3	69,00	121,83 €
Pisando Ovos	3	46,33	150,00 €
Produccións Aconrutabaca	6	136,50	374,33 €
Produccións Teatraís Excéntricas	12	364,25	1.795,80 €
Quinteto de Metais Omega Brass Ensemble	1	128,00	305,00 €
Quique Peon, Cía.	2	87,00	218,75 €
Redrum Teatro	4	279,50	152,00 €
Róber Bodegas	7	465,71	1.961,07 €
Sarabela Teatro	16	268,63	1.563,63 €
Solpico Cía. de Danza	2	100,50	586,50 €
Talia Teatro	19	128,58	420,97 €
Talytakumy	3	118,00	142,17 €
Tanxarina Títeres	4	251,50	563,06 €
Teatro de Ningures	7	97,71	348,34 €
Teatro do Andamio	6	138,67	325,58 €
Teatro do Atlántico	5	210,00	1.630,20 €
Teatro do Morcego	15	187,60	564,87 €
Títeres Trompicallo	8	106,13	228,75 €
Titzina Teatre	4	89,75	401,15 €
Uxia P. Vaello	2	33,00	70,50 €
Viravolta Títeres	8	167,50	276,19 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	28	236,43	1.202,21 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	4	588	2.417,00 €
A Estrada	3	37,33	186,67 €
A Rúa	4	96,75	265,50 €
Ames	11	95,64	223,50 €
Arteixo	7	158,71	364,64 €
As Pontes de García Rodríguez	6	135,33	269,92 €
Betanzos	2	100,5	251,25 €
Boiro	7	120,86	166,86 €
Burela	5	211,4	652,40 €
Cambados	4	172,25	211,50 €
Cangas de Morrazo	6	207,17	624,33 €
Carballo	15	167	441,10 €
Cedeira	7	103,57	235,57 €
Cee	8	72,63	124,38 €
Culleredo	1	58	168,00 €
Ferrol	17	83,12	457,65 €
Foz	9	146	285,28 €
Gondomar	4	123	382,38 €
Lalín	3	164,67	449,67 €
Lugo	4	197,5	1.177,25 €
Monforte de Lemos	4	123,5	297,50 €
Muros	9	90,89	215,00 €
Narón	17	262,94	1.370,92 €
Noia	5	144,2	346,60 €
O Barco de Valdeorras	6	100,83	393,17 €
O Carballiño	4	71,25	191,63 €
Oleiros	4	170,5	550,13 €
Ortigueira	3	99	453,33 €
Ourense. Teatro Principal	5	164,6	1.463,20 €
Ourense. Auditorio Municipal	9	173,22	302,56 €
Pontevedra	24	262,75	449,34 €
Redondela	7	247,57	637,43 €
Ribadavia	3	98,67	243,17 €
Ribadeo	7	131,71	291,14 €
Sada	5	173,2	488,70 €
San Sadurniño	5	66,2	140,90 €

REXISTRO DE DATOS ABRIL 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

Santiago de Compostela	12	161,25	932,33 €
Sanxenxo	3	105	359,33 €
Tui	4	280,5	841,50 €
Vigo. C.C. Caixanova	3	447,67	3.094,58 €
Vilagarcía de Arousa	7	237,29	252,14 €
Viveiro	8	160,5	284,88 €

TOTAIS RGTA (ATÉ ABRIL)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2006	211	36.009	42,27%	118.603,40 €
2007	268	32.458	30,73%	99.408,31 €
2008	328	47.772	37,88%	141.960,49 €
2009	299	44.429	35,72%	135.206,50 €
2010	309	53.722	42,39%	183.481,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONs	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Arteria Noroeste (Santiago)	14	88,14	297,86 €
Sala Nasa (Santiago)	20	50,35	227,55 €
Sala Santart (Santiago)	6	27,17	119,33 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	18	12,06	100,00 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	24	41,71	159,67 €
Teatro Ensalle (Vigo)	24	25,46	168,81 €

TOTAIS RGS (ATÉ ABRIL)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2007	70	2.539	35,97%	13.504,00 €
2008	64	1.995	48,95%	9.786,60 €
2009	112	3.456	41,10%	13.791,00 €
2010	106	4.233	62,16%	19.121,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
12 Labirinto	2	88	246,00 €
3azoteas	1	47	235,00 €
7 Puertas	4	63	170,00 €
A Tuna Rastafari	1	83	273,00 €
Abril Fado Atlántico	2	45	213,00 €
Aid	3	25,33	111,33 €
Alberto Pérez	2	44,5	133,50 €
Aló Django	3	56,67	220,67 €
Animales Domesticos	1	15	30,00 €
Austria	1	156	1.092,00 €
Bakin'blues Band	3	46	133,00 €
Baldosa Amarilla	2	28,5	104,50 €
Balea's Blues Quintet	2	27,5	127,50 €
Bastards On Parade	4	50,75	131,25 €
Belöp	7	45,29	117,14 €
Bruno T. Ford	3	36,67	71,67 €
Capitán Furilo	3	51	125,00 €
Caraba	1	53	153,00 €
Cats And Monkeys	3	39	124,33 €
Coanhadeira	1	20	60,00 €
Coll y Costa (de Los Reyes del Ko)	11	59,18	227,82 €
Cró!	2	33	150,00 €
Dakidarría	2	132,5	561,00 €
Doc Magoo's	2	60	159,00 €
Doctor Gringo	4	53,75	210,50 €
Doctor Snob	2	37,5	112,50 €
Dúo Fdz. & Quintá	1	60	180,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	37,43	143,43 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	2	44	85,00 €
Holywater	3	80,33	297,67 €
Igloo	7	103,14	343,71 €
Ith	1	97	261,00 €
Jazzeros Inoxidables	2	32,5	109,00 €
Jerez-Texas	4	46,5	179,25 €
José Córdoba	1	43	129,00 €
Jugoplastika	3	52,67	226,33 €
Les Trois de Cora	5	35,2	107,80 €
Litanei	3	22	83,67 €
Los Eternos	5	71,4	220,20 €
Los Mecánicos	5	66,2	175,00 €
Machina	1	78	234,00 €
Martynez	3	73,33	334,00 €
Maryland	3	51,67	192,00 €
Mbm	4	50	219,50 €
Mcmanus	3	37,67	125,00 €
Miguel Costas	6	72,17	290,67 €
Miñor Swing	3	36	129,33 €
Misquious	1	8	21,00 €
Mitocondrias	1	47	141,00 €
Monkillos	3	29	83,00 €
Moon Cresta	4	40,75	121,75 €
Moonjackets	3	24	58,00 €
Nadadora	4	58	250,50 €
Nouvelle Cuisine	1	38	170,00 €
O Sonoro Maxin	1	72	315,00 €
Oh Trío	3	42	158,00 €
Pacifico	2	33	140,50 €
Por Placer	2	54	178,50 €
Portrait	3	82	386,33 €
Recambios Tucho	2	14	66,00 €
Rockers Go To Hell	1	85	219,00 €

Sergio Makaroff	1	72	242,00 €
Som do Galpom	2	64	189,50 €
Stereotipos	3	23,33	100,33 €
Supersándwich	1	35	140,00 €
Telma y Los Luises	3	28,33	76,33 €
The Cherry Boppers	3	61,67	362,00 €
The Homens	3	39,67	167,33 €
The Last Minute Experience	2	39	147,00 €
The Soul Jacket	2	99	437,50 €
The Turre's Band	2	45,5	113,50 €
The W.C. Garcia Show	5	19,8	49,00 €
Tiempocuatro	2	60,5	249,50 €
Why Go	2	127,5	448,00 €
Xan Campos Trío	3	36,33	137,33 €
Zénzar	1	191	495,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fundación (Melide)	6	33,83	76,00 €
A Regueifa (Ponteareas)	2	39	117,00 €
Ache (Marín)	2	37,5	187,50 €
Aturuxo (Bueu)	7	48	276,57 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	7	26,14	78,14 €
Babá Bar (A Coruña)	2	56	280,00 €
Badulake (Ordes)	7	41,86	136,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	6	53,83	161,00 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	6	59,33	178,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	6	45,33	122,00 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	3	57,33	172,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	6	62,67	178,00 €
Clandestino (Nigrán)	5	41,8	164,80 €
Clavicémbalo (Lugo)	8	42,63	161,38 €
Contrabajo (Vigo)	11	32,45	146,09 €
Disco-Club Capital (Ourense)	1	47	141,00 €
Doble Moral (Lugo)	4	7	87,50 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	96,67	254,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	6	90,83	213,50 €
Garufa (A Coruña)	7	47	146,00 €
Jazz Filloa (A Coruña)	4	41,75	208,75 €
La Casa de Arriba (Vigo)	8	51,88	248,38 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	6	74,5	240,17 €
La Galeríajazz (Vigo)	5	21	91,00 €
La Iguana Club (Vigo)	13	83,69	359,69 €
Marrucho (Baiona)	3	19,67	41,67 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	4	47,5	132,50 €
Planeta (Sarria)	5	69	162,00 €
Pub O Muíño (Cervo)	3	23,33	69,67 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	5	76	199,80 €
Pub Gatos (Melide)	5	75,6	204,20 €
Sala 600 (Melide)	5	60,4	310,40 €
Sala Karma (Pontevedra)	5	85,6	472,80 €
Sala Run Rum (Ferrol)	11	55,18	206,18 €
Salason (Cangas de Morrazo)	7	36,57	129,14 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	4	110,25	355,75 €
Ultramarinos (Santiago)	5	37,8	101,80 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	3	66,33	199,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	4	37,75	104,25 €

TOTAIS RGMV (ATÉ ABRIL)

	Concerto	Público	Ocupación	Facturado
2007	353	17.443	25,27%	42.658,50 €
2008	299	15.221	37,91%	46.069,00 €
2009	308	16.682	43,01%	55.136,00 €
2010	210	11.142	42,18%	39.811,00 €



XACOBEO 2010
Galicia



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info